



BASES PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A EN RÉXIME DE PERSOAL TÉCNICO DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Pontevedra, por acordo da súa Xunta Directiva e ratificado pola Asemblea Xeral en data 23 de febreiro de 2024, acordou iniciar o procedemento para a provisión do persoal técnico da praza creada no ano 2022.

Reunida a Xunta Directiva na data do 26 de febreiro de 2024, elixiu a Comisión de Selección de Persoal, que está composta polos seguintes membros:

PRESIDENTA: María del Carmen Vázquez Nores

SECRETARIO/A: José Luis Arellano Guiance

Vogal da Xunta Directiva: Elena Padín Gómez

Vogal da Xunta Directiva: Sauro Martínez Durán

Vogal da Xunta Directiva: Miguel Aris Abilleira

Por acordo da Xunta Directiva, en reunión celebrada en data 26 de febreiro de 2024, deuse conformidade as seguintes bases reguladoras:

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Convócanse probas selectivas para prover unha praza de Técnico/a no réxime de persoal técnico do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Pontevedra, (en adiante, GALP RP).

O contrato será a tempo completo e carácter indefinido, ó abeiro do *CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN "GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA" PARA A APLICACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (EDLP) NO MARCO DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO, DE PESCA E DE ACUICULTURA (FEMPA) 2021-2027*.

As funcións do posto de traballo obxecto da convocatoria son:

- Elaboración de documentos, coordinación e execución dos traballos organizativos necesarios para facer a presentación de resultados de seguimento (tanto económicos como operativos internos e de execución da EDLP) perante os órganos de goberno do GALP RÍA DE PONTEVEDRA e a propia Consellería do Mar sobre a execución da EDLP e o nivel de logros acadados, segundo o programa de revisión e seguimento previstos.
- Dar soporte á Xerencia nas tarefas de representatividade do GALP RÍA DE PONTEVEDRA na busca e atracción de investimentos no territorio, logrando aumentar a capacidade do Grupo para impulsar novas alternativas empresariais e de emprego, atendendo en todo caso aos obxectivos estratéxicos e ás medidas a impulsar.





- Potenciar o coñecemento do territorio, focalizando esforzos, axudando tecnicamente a identificar proxectos e motivando sinerxías colaborativas, de tal xeito que se poda aumentar a súa presenza no mesmo.
- Dar soporte á Xerencia na definición, seguimento, control e validación dos traballos, estudos técnicos, proxectos e demais actividades de calquera outra índole de visibilidade externa que dende o propio GALP RÍA DE PONTEVEDRA se poñan en marcha ao longo do desenvolvemento da súa EDLP.
- Levar a representación técnica e organizativa do GALP RÍA DE PONTEVEDRA perante ó persoal técnico da Consellería do Mar, tanto en materia de xustificación da xestión propia do dito GALP como en relación cos proxectos subvencionables, proxectos de cooperación do GALP e actividades vinculadas á súa EDLP.
- Realizar a avaliación e valoración técnica e documental dos proxectos susceptibles de ser apoiados segundo os criterios de valoración establecidos na EDLP e os procedementos establecidos a tal efecto.
- Preparar a conta xustificativa de cada proxecto, computando os expedientes de acordo cos requisitos de normativa de aplicación con carácter previo á emisión do informe por parte do auditor externo.
- Atención, información e asesoramento ás persoas promotoras para a posta en marcha de proxectos que sexan susceptibles de acadar axudas dentro do Programa FEMPA 2021-2027, que inclúe a revisión de documentación que teñan que acompañar, cumpran os requisitos e os criterios esixidos polo GALP e as bases de axuda e normativa de aplicación.
- Apoiar á Xerencia na coordinación e presenza no territorio para a difusión dos obxectivos estratéxicos do GALP RÍA DE PONTEVEDRA.
- Axudas nas tarefas de comunicación e divulgación do GALP RÍA DE PONTEVEDRA nos foros, eventos e actividades onde así se considere oportuno por parte da Xerencia.
- Acudir as reunións de traballo e aos cursos de formación aos que sexan convocada.
- Calquera outra función de apoio técnico solicitado pola Xerencia.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS

As características do posto que se oferta, titulación e requisitos, así como as retribucións anuais son:

- **Denominación.-** *Técnico/a.*
- **Titulación.-** *Titulación mínima de Grao ou Licenciatura Universitaria - titulación universitaria con, como mínimo, un nivel 3 do MECES¹- en Administración e Dirección de Empresas (ADE), Economía, Xestión e Administración Pública, Bioloxía ou Ciencias do Mar, Enxeñaría Industrial ou Agroalimentaria*
- **Retribución bruta anual.-** *26.000 euros brutos anuais, que se distribuirán en 14 pagas, (que poderán ser prorrateadas).*

¹ MECES: Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior.





- **Duración do contrato.**- *O contrato será a tempo completo e carácter indefinido, ao abeiro do Convenio de Colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e o GALP Ría de Pontevedra, para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa, (EDLP) no marco do Desenvolvemento Sostible das Zonas e Pesca do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura, (FEMPA) 2021-2027.*
- **Modalidade de contratación.**- *O contrato será a tempo completo e carácter indefinido. Establécese un período de proba de 6 meses.*
- **Xornada.**- *A establecida polo GALP Ría de Pontevedra.*
- **Centro de Traballo.**- *Na actualidade, oficina técnica do GALP Ría de Pontevedra sita na Lonxa do Porto de Marín. Ante a previsión dun cambio de sede, a persoa debe estar en disposición de traballar en calquera centro de traballo da entidade no seu ámbito xeográfico.*
- **Outras de interese.**- *Baixo o Convenio do sector.*

TERCEIRA.- REQUISITOS

Poderán tomar parte no proceso de selección todos/as os/as que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser natural dun Estado membro da Comunidade Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.
- b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión de *Grao ou Licenciatura Universitaria* - titulación universitaria con, como mínimo, un nivel 3 do MECES²- *en Administración e Dirección de Empresas (ADE), Economía, Xestión e Administración Pública, Bioloxía ou Ciencias do Mar, Enxeñaría Industrial ou Agroalimentaria*
- d) Estar en posesión do carné de conducir tipo B.
- e) Dispoñibilidade de vehículo.
- f) Non padecer enfermidade ou secuela física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes á praza.
- g) Non estar incurso en causa de incapacidade, segundo a lexislación vixente.
- h) Non ter sido separado/a definitivamente, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. Os/as aspirantes cuxa nacionalidade non sexa española deberán acreditar igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal, que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- i) Dispoñibilidade horaria.
- j) Dedicación exclusiva.

² MECES: Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior.





Os requisitos establecidos nos apartados anteriores deberán cumprirse o derradeiro día do prazo de presentación de instancias, gozar dos mesmos durante o proceso selectivo e durante o período de vixencia do contrato.

CUARTA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA, SOLICITUDES

- 4.1.- A convocatoria publicárase na prensa escrita de maior tirada no ámbito territorial do GALP Ría de Pontevedra, nos taboleiros de anuncios dos concellos que formen parte do GALP Ría de Pontevedra, no taboleiro de anuncios da sede do GALP, na páxina web que estableza a Consellería do Mar, (para a cal lle enviará unha comunicación do anuncio), así como na web xeral dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro <https://galp.xunta.gal/>, co obxecto de darlle a máxima difusión.
- 4.2.- As bases polas que se rexerá a selección e posterior contratación do persoal do GALP Ría de Pontevedra poderán ser consultadas no link: <https://galp.xunta.gal/>; correo electrónico sace@sace.es, ou chamando o teléfono: 982 28 03 13.
- 4.3.- As instancias solicitando ser admitidos/as e tomar parte no proceso de selección, nos que os/as aspirantes deberán manifestar que coñecen as bases, someténdose ás mesmas e que reúnen os requisitos esixidos na Base Terceira, estarán dirixidas á Sra. Presidenta do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Pontevedra e presentaranse no Rexistro do despacho SERVICIOS DE AUDITORIA Y CONSULTING DE EMPRESAS, S.L. (SACE) (*encargado de velar polas garantías do procedemento*), sito en Pza. Maior, 30, 4º, 27001 (Lugo), ou ben, por correo electrónico dirixido á dirección: sace@sace.es.

As solicitudes serán presentadas no prazo máximo de 15 días hábiles, (sen computar sábados, domingos ou festivos, que se considerarán inhábiles a tódolos efectos), contados dende a última publicación nos medios indicados na Base 4.1 e, en todo caso, coa publicación na páxina web da Consellería para os Grupos, <https://galp.xunta.gal/>, debendo realizarse segundo o modelo que se xunta como ANEXO I ás presentes bases.

Tamén se poderán presentar as solicitudes e documentación conforme ás normas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, se ben, para maior celeridade, se deberá de xustificar a súa presentación mediante a remisión de copia selada por fax ao número 982 28 08 13 ou ao enderezo electrónico: sace@sace.es antes das 14 horas do último día no que remata o prazo de presentación.

- 4.4.- A instancia-solicitud será necesario acompañala dos seguintes documentos:
- a) Copia compulsada do D.N.I.
O GALP Ría de Pontevedra resérvase o dereito de solicitar en calquera momento do proceso o documento orixinal.
 - b) Copia simple do permiso de conducir.
 - c) Copia simple da titulación requirida.



- d) Currículo do/a aspirante, onde se relacionen os méritos.
- e) Copia simple dos xustificantes dos méritos alegados.
- f) Copia simple do informe de vida laboral e contratos.
- g) Declaración expresa de dispoñibilidade de vehículo.
- h) Declaración xurada de non estar incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, así como o compromiso de informar no caso de cambiar estas circunstancias.
- i) Declaración xurada de que no caso de ser a persoa seleccionada para o posto o desenvolverá con dedicación exclusiva.
- j) Declaración xurada de non estar incurso en causas de incapacidade, nin ter sido declarado en tal situación, segundo a lexislación vixente.
- k) Declaración de non padecer enfermidade ou secuela física que impida o desempeño das correspondentes funcións.

A non presentación da anterior documentación motivaría a exclusión do procedemento de selección, salvo no disposto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no referente á subsanación de ditas omisións.

Asemade da documentación esixida para ser admitido/a, os/as aspirantes deberán de presentar na mesma data:

- A documentación acreditativa dos méritos que aleguen para a súa avaliación.

A documentación acreditativa deberá de estar vixente, e por ende desplegar todos os seus efectos, á data indicada na Base 4.1 anterior e ó longo de todo o proceso selectivo.

Non se valorarán aqueles méritos non acreditados convenientemente.

- 4.5.-** Os/As aspirantes con algunha necesidade especial terán que indicalo na solicitude. Asemade, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta acomodación sexa necesaria.

QUINTA. - ADMISIÓN DE ASPIRANTES

- 5.1.-** Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia do GALP aprobará no prazo máximo de 5 días a relación provisional de admitidos e excluídos, que será publicada nos taboleiros de anuncios dos concellos que formen parte do GALP Ría de Pontevedra, no taboleiro de anuncios da sede do GALP e na web xeral dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro: <https://galp.xunta.gal/>, indicando as causas da exclusión e concedendo un prazo de dous días hábiles para a subsanación de defectos.



De terse presentado reclamacións de dita lista provisional, serán aceptadas ou rexeitadas no acto polo que se aprobe a lista definitiva, que será feita pública e exposta na forma indicada anteriormente.

Conxuntamente coa lista definitiva de admitidos e excluídos publicarase a data, hora e comezo da fase de selección.

De non existir excluídos na lista provisional, que é o que xustifica o prazo para a presentación de reclamacións, ésta omitirase elevándose dita lista a definitiva.

5.2.- Os erros de feito poderán subsanarse en calquera momento de oficio ou a petición do interesado.

SEXTA.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN

6.1.- Estará constituída pola Comisión de Selección elixida en Xunta Directiva da seguinte forma:

PRESIDENTA: María del Carmen Vázquez Nores

SECRETARIO/A: José Luis Arellano Guiance

Vogal da Xunta Directiva: Elena Padín Gómez

Vogal da Xunta Directiva: Sauro Martínez Durán

Vogal da Xunta Directiva: Miguel Aris Abilleira

6.2.- A Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo, da metade dos seus membros, adoptándose as decisións pola maioría dos membros presentes na elección, resolvendo en caso de empate o voto de calidade da Presidenta, que deberá estar presente durante todo o proceso.

A presidencia adxudicou en data 5 de febreiro do 2024 a asistencia técnica para o desenvolvemento do procedemento de selección de persoal á empresa **SERVICIOS DE AUDITORÍA Y CONSULTING DE EMPRESAS, S.L. (SACE)**.

Respecto das funcións da empresa contratada para realizar o procedemento de selección do persoal, válídanse as seguintes:

- a) *A elaboración das bases de contratación que serán remitidas á Xunta Directiva do GALP para a súa validación.*
- b) *A publicación do anuncio nun dos diario dos de maior difusión na zona pesqueira formada polos municipios que comprende o territorio do GALP pertencentes á provincia de Pontevedra, remitindo un orixinal ao GALP.*
- c) *Preparar e supervisar a publicidade da convocatoria do concurso nos seguintes medios:*
 - *Mediante a remisión dun anuncio aos concellos que formen parte do territorio do GALP para a súa publicación nos seus respectivos taboleiros de anuncios.*
 - a) *Mediante a publicación dun anuncio e das Bases no taboleiro de anuncios da sede do GALP Ría de Pontevedra.*



- b) *Mediante a publicación do anuncio da convocatoria e das Bases na páxina web “www.galp.xunta.gal”, dentro do epígrafe “contratacións-persoal”.*
- d) *Preparar e supervisar a subida á web “ www.galp.xunta.gal”, para a súa publicación dentro do epígrafe “contratacións-persoal”, a citación dos/as aspirantes para o exame tipo -test e das puntuacións obtidas polos/as mesmos/as na valoración da experiencia profesional, da formación continua e no dito exame tipo-test.*
- e) *A organización, aluguer do local, citacións dos/as aspirantes, elaboración e corrección do exame tipo- test.*
- f) *Citar aos/as aspirantes para realizar a fase de entrevista na forma descrita nas bases.*
- g) *A recepción e supervisión das solicitudes dos aspirantes.*
- h) *A subministración da información que se requira por estes.*
- i) *A publicación do listado de admitidos e excluídos ao concurso.*
- j) *A valoración da experiencia profesional e da formación continua que presenten os/as aspirantes.*
- k) *A remisión ao GALP Ría de Pontevedra ou empresa encargada da comunicación do mesmo, para a súa publicación, da citación dos/as aspirantes para o exame tipo -test e das puntuacións obtidas polos/as mesmos/as na valoración da experiencia profesional, da formación continua e no dito exame tipo-test. Será cometido da empresa adjudicataria supervisar e verificar as publicacións.*
- l) *O estudo, análise e resolución das reclamacións que se puideran presentar polos/as aspirantes.*
- m) *A remisión á Xerencia do GALP do listado coas puntuacións definitivas acadadas polos/as aspirantes.*
- n) *Ao remate do proceso deberá presentar ao GALP unha Memoria así como facer entrega de toda a documentación do mesmo.*

Sace Consultores está facultada para impulsar e dirixir o concurso en todos os trámites que ten encomendados, para interpretar e resolver as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento e para propondor a adopción dos acordos procedentes no non previstos nestas bases.

A Xunta Directiva, aprobou as presentes Bases de Contratación de persoal na data do 26 de febreiro de 2024 así como a incorporación en calidade de asesores técnicos e especialistas para salvagardar as garantías do Procedemento, da empresa adjudicataria, Servicios de Auditoría y Consulting de Empresas, S.L. (SACE), que serán os encargados do asesoramento técnico no proceso avaliador, designándose á persoa de D. Salustiano Velo Sabín, como encargado de velar polos principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso ó posto obxecto das presentes Bases.

Asemade, o proceso avaliador contará coa asistencia con voz pero sen voto de D^a. Laura Nieto Zas, xerente do GALP RIA DE PONTEVEDRA.

- 6.3.-** Os/As membros da Comisión de Selección deberán absterse de formar parte da mesma cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Tamén deberán absterse os/as membros da Comisión que tiveran realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso a postos da especialidade que se convoca desta Asociación, nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/As aspirantes poderán recusalos/as cando concorran estas circunstancias.



6.4.- A actuación da Comisión axustarase estritamente ás bases da presente convocatoria.

Non obstante, a mesma resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e adoptará os acordos precisos para aqueles supostos non previstos nas bases.

SÉTIMA.- CALENDARIO DE REALIZACIÓN DAS PROBAS E ACTUACIÓN DOS ASPIRANTES

Coa publicación da lista definitiva de admitidos, porase a data de primeira proba (tipo test) que realizárase no prazo de cinco días, e, logo de celebrarse, en 48 horas publicáranse os resultados.

OITAVA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

8.1.- O procedemento de selección dos/as aspirantes constará de tres fases:

FASE 1ª.- Proba escrita de coñecementos

Os/as candidatos/as admitidos/as realizarán unha proba escrita que se valorará cun **máximo de 50 puntos** (constará de 50 preguntas tipo test. Por cada pregunta contestada correctamente outorgárase un punto, e cada resposta incorrecta restará 0,5 puntos).

Na web xeral dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro: <https://galp.xunta.gal/>, habilitárase o acceso á base bibliográfica para a súa consulta centrada sobre as seguintes materias:

1. Estatutos da Asociación GALP Ría de Pontevedra.
2. ORDEN de 10 de mayo de 2022 por la que se aprueban las bases reguladoras y la convocatoria del año 2022 para la selección de estrategias de desarrollo local participativo y grupos de acción local del sector pesquero, así como para la concesión de la ayuda preparatoria, en el período de programación del Fondo Europeo Marítimo, de Pesca y Acuicultura (FEMPA) 2021-2027 en Galicia (código de procedimiento PE210B).
3. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN "GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA" PARA A APLICACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (EDLP) NO MARCO DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO, DE PESCA E DE ACUICULTURA (FEMPA) 2021-2027.
4. Estratexia do Desenvolvemento Local da Zona Pesqueira da Ría de Pontevedra e a súa área de influencia. 2023 - 2027
5. Programa Operativo para España do FEMPA (Programa SFC2021 para el FEMPA), aprobado por decisión da Comisión de 29 de novembro de 2022 C(2022)8732.
6. Criterios de selección para a concesión de axudas no marco do Programa Operativo do FEMPA aprobados polo Comité de Seguimento.
7. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.





8. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
9. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
10. Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
11. ORDE do 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2023 (código de procedemento PE155A).
12. Orden de 28 de diciembre de 2023 por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de ayudas para proyectos al amparo de las estrategias de desarrollo local participativo (EDLP), aprobadas a los grupos de acción local del sector pesquero (GALP) en el marco del Fondo Europeo Marítimo de Pesca y de Acuicultura 2021-2027, y se convocan las correspondientes al año 2024, tramitada como anticipado de gasto (código de procedimiento PE155A).

Esta proba será eliminatoria, sendo precisa para superala un mínimo de 25 puntos. De non chegar ningún aspirante a esa cifra pasarán á seguinte fase do proceso selectivo as tres persoas que obtiveron as puntuacións máis altas.

Os aspirantes terán que presentarse para a realización do exercicio provistos de D.N.I. ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e bolígrafo.

O funcionamento das probas escritas dos procesos de selección do persoal do GALP adoptaranse as seguintes medidas para garantir o anonimato dos aspirantes que concorren aos procesos selectivos:

1. O persoal aspirante recibirá un impreso para consignar os datos persoais e dous sobres, un grande e outro pequeno.
2. O persoal aspirante cubrirá o impreso e o introducirá no sobre pequeno e o pechará.
3. En función das características do exercicio, entregaráselle ao persoal os exames tipo test ou os folios para o desenvolvemento das preguntas, que neste último serán numerados polo aspirante .
4. Quedarán automaticamente anulados os exames asinados, os que conteñan datos que identifiquen as persoas asinantes, ou sinais ou marcas que puideran romper o anonimato, así como aquel que resulte inlexible.
5. Finalizada a proba escrita, esta se incluírá no sobre grande que se lle entregará aos responsables do proceso xunto co sobre pequeno que contén os datos persoais. Os responsables do proceso pegarán unha etiqueta adhesiva codificada no primeiro folio do exame e outra no sobre pequeno dos datos persoais.
6. Os responsables gardarán os sobres pequenos que conteñen os datos persoais nun sobre grande, o cal será asinado por todos os membros da comisión de selección, e non será aberto



ata que finalice a cualificación anónima da proba escrita. Una vez corrixida e cualificada a proba, procederase a apertura do sobre grande, para o cal requirirase a presenza de testemuñas, e levantarase acta.

FASE 2ª.- Valoración de méritos

A valoración do Currículo do/a candidato/a **non poderá ser superior a 30 puntos** e non terá carácter eliminatorio. Procederase á valoración dos méritos, de acordo co baremo que figura a continuación:

Formación ou titulación relacionada cos traballos a desempeñar:

- a) Doutoramento coas titulacións sinaladas na base reguladora terceira c) (**4 puntos**).
- b) Estar en posesión de outra titulación universitaria distinta de la aportada, para tomar parte no proceso de selección segundo se sinala na base reguladora terceira c). (**4 puntos**)
- c) Cursos de especialización de máis de 50 horas, relacionados coa temática da **praza recoñecidos por administración públicas ou impartidas por entidades docentes ou investigadoras recoñecidas** (hasta 0,5 puntos por curso hasta un **máximo 3 puntos**).
- d) Cursos de **ofimática** recoñecidos (**hasta 0,5 puntos por cursos hasta un máximo de 1 punto**). No serán tidos en conta no apartado anterior.
- e) Publicacións, Comunicacións a Congresos, Libros o Capítulos de Libro en editoriais recoñecidas, no ámbito propio da praza (hasta 0,5 puntos por produto cando sexa primeiro autor, e 0,2 puntos por produto en calquera outra orde e autoría hasta un **máximo de 3 puntos**).
- f) Acreditar unha experiencia previa demostrable mediante vida laboral na avaliación, valoración e control de proxectos no eido do desenvolvemento económico local. Contar cunha experiencia previa en persoal técnico tarefas ou responsabilidade técnica en programas de desenvolvemento local de filosofía similar a FEMPA (Leader, Proder, ...), dun Grupo de Acción Rural, Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro ou dunha administración pública (**0,4 puntos por mes acreditado ata un máximo de 10 puntos**).
- g) Ter impartido cursos ou ter participado como poñente en xornadas ou seminarios directamente relacionados co desenvolvemento local e a promoción de actividades económicas, empresariais ou comerciais, servizos á poboación, xeración e fomento do emprego e valorización do turismo. Só se acreditarán as actividades impartidas para Administracións Públicas, Colexios Profesionais, Sindicatos, Asociacións ou Confederacións de Empresarios. As horas destas actividades serán de carácter acumulativo, sumando o conxunto de actividades. Cando a duración sexa de 1 día computarase a todos os efectos 5 horas (**0,5 puntos por cada 5 horas acreditadas ata un máximo de 2 puntos**).
- h) Certificado de Lingua Inglesa ou francesa ou validación de estudos (**2 puntos**).
 - a. Nivel Básico (equivalente ó A2 do Marco Común Europeo de Referencia): 0,5 puntos.
 - b. Nivel Intermedio (equivalente ó B1 do Marco Común Europeo de Referencia): 1 punto.
 - c. Nivel Avanzado (equivalente ó B2 do Marco Común Europeo de Referencia): 2 puntos

- i) Certificado de Lingua Galega CELGA ou validación de estudos (**1 punto**).
- CELGA 1 ou equivalente: 0,25 puntos.
 - CELGA 2 ou equivalente: 0,5 puntos.
 - CELGA 3 ou equivalente: 0,75 puntos.
 - CELGA 4 ou equivalente: 1 punto.

FASE 3ª.- Entrevista

Realización dunha entrevista persoal de selección na que se valorará, ademais dos contidos propios do posto de traballo, a formación e experiencia profesional, os coñecementos, habilidades, capacidades e destrezas necesarios para o desenvolvemento do posto de traballo solicitado, actitude e motivación para o mesmo, capacidade de transmisión e/ou comunicación verbal e non verbal, etc...; sendo a **puntuación máxima a obter nesta fase de 20 puntos** e non terá carácter eliminatorio.

O número de puntos que poderá ser outorgado por cada membro do Tribunal será de 0,00 a 20,00. A cualificación final do exercicio será a suma de todas as cualificacións outorgadas polos membros do Tribunal, dividida polo número de membros que teñan puntuado. Si se producira unha variación de 10 ou máis puntos nas cualificacións outorgadas polos membros do Tribunal, eliminaríanse as puntuacións maior e menor, obténdose entón o cociente dividido entre dous membros menos.

8.2.- Acreditación de méritos:

A acreditación de méritos farase mediante a presentación da seguinte documentación debidamente cotexada:

a) Formación recibida:

- A formación acreditarase mediante diplomas, títulos, ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo necesariamente referencia ao número de horas, e debendo aparecer así mesmo: contidos, datas de impartición e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade.
- As horas de formación as que se fai referencia, computaranse exclusivamente cando se teñan conseguido nun só curso formativo. Non se sumarán, en ningún caso, as horas de cursos distintos aínda tratándose da mesma materia. Por tanto, deberán absterse de presentar acreditacións de cursos cunha duración inferior as 25 horas de formación técnica relacionada coa praza solicitada.
- A xustificación académica realizarase co correspondente título ou resgardo da solicitud do mesmo.

b) Experiencia laboral:

- A experiencia laboral acreditarase mediante contratos de traballo e certificados de empresa modelo oficial ou outros documentos oficiais que reflectan claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral e asemade, mediante certificado

de vida laboral expedido pola Seguridade Social co que se constatarán os documentos anteriores.

- * No caso de traballadores autónomos o Certificado de vida laboral deberá acompañar as correspondentes liquidacións do IAE ou ben documento expedido pola Seguridade Social no que se indique o período de cotización e a actividade desempeñada.

c) *Outros:*

- * A xustificación académica de idiomas realizarase co correspondente título ou resgardo da solicitude do mesmo ou calquera outro documento equivalente acreditativo do nivel acadado.

8.3.- Condicións xerais:

Non se admitirán acreditacións fóra do prazo de presentación sinalado na Base 4.1.

A documentación aportada quedará no expediente, sen posibilidade de recollida posterior ao proceso de selección.

NOVENA.- CLASIFICACIÓN DEFINITIVA

A puntuación final total de cada aspirante obterase sumando a puntuación total das tres fases. En caso de empate, desfarase optando por aquel aspirante que tivera alcanzado mellor puntuación na fase da proba escrita. De persistir o empate, optarase polo aspirante con maior cualificación na fase de entrevista.

En todo caso, non poderán ser seleccionadas máis persoas que postos a cubrir, ou sexa, unha.

DÉCIMA.- ACTUACIÓN DOS ASPIRANTES

10.1.- A orde de actuación dos/as aspirantes na segunda fase, será por orde alfabético de primeiro apelido elixíndose por sorteo a letra de inicio.

10.2.- Os/as aspirantes serán convocados/as, provistos de D.N.I., en chamamento único. A non presentación dun/ha aspirante ao exercicio da primeira e segunda fase no momento de ser chamado, determinará automaticamente o cese do seu dereito a participar no mesmo, quedando excluído, en consecuencia, do proceso selectivo.

UNDÉCIMA. – RELACIÓN DE APROBADOS, PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E BOLSA DE TRABALLO

11.1.- Finalizada a cualificación dos/as aspirantes das probas previstas, o Tribunal publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación obtida, resultando seleccionado o aspirante con maior nota acadada.

Acto seguido, por orde do Sr. Presidente, elevarase a definitiva a proposta do Comité de Selección do aspirante con mellor puntuación.



11.2.- Notificada a resolución do nomeamento, deberá o/a interesado/a comparecer para subscribir o contrato correspondente e comezará a prestar o seu servizo no día indicado polo contratante. Non será efectiva a contratación mentres non sexa ratificada pola Consellería do Mar. O procedemento e o resultado do mesmo será remitido á Consellería do Mar para a súa validación, entendéndose ratificado se no prazo de dez días a Consellería non se pronuncia.

11.3.- Para os supostos de quedar vacante por renuncia, baixa voluntaria, baixa por enfermidade, ausencia, suspensión legal do correspondente contrato ou outras causas, procederase pola Presidencia da Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Pontevedra a realizar as contratacións da bolsa de traballo que se teña constituído co resto de aspirantes que teñan superado as fases unha e dúas.

DUODÉCIMA.- NORMA FINAL

Os procedementos establecidos nas bases así como as actuacións derivadas da súa aplicación por parte do Tribunal de Selección, poderán ser impugnados no prazo e forma establecidos na Lexislación que resulte de aplicación.

En Marín, a 26 de febreiro de 2024

Asdo.: María Carmen Vázquez Nores
Presidenta do GALP Ría de Pontevedra

